

# **PLAN DE CONTINXENCIA**

**ANTE SITUACIÓNS DE CONFINAMENTO**

**IES MONTERROSO- LUGO**

**2020/21**

# ÍNDICE

	PÁX.
➤ Obxectivos	3
➤ Actuacións previas diante da aparición dun gromo	3
➤ Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial	5
➤ Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial	8

## OBXECTIVOS

O plan de Continxencia do IES de Monterroso (Lugo) ten por finalidade fixar o procedementos de actuación para os casos de peche parcial, total no caso de que actividade lectiva sexa interrompida por mor do COVID-19, ou regreso ás aulas polo reinicio da actividade académica presencial.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

Entenderemos por gromo a aparición dun número de casos dunha enfermidade epidémica entre os integrantes da comunidade educativa.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

2. Cando unha persoa comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 dentro do centro educativo, informará a un membro do Equipo Covid do centro que o acompañará á “Aula de illamento”, antigamente Sala de Xuntas (aula 1.18 na primeira planta). Este espazo é amplo, e permite manter a distancia de seguridade entre varias persoas. Conta cos materiais necesarios e ten as condicións axeitadas para a atención desta situación: xel hidroalcohólico, desinfectante, panos desbotables, máscaras FFP2, termómetro e papeleira con tapa. Tanto a persoa que iniciou síntomas como á acompañante colocaranse unha máscara FFP2.

No caso de que o afectado sexa un ALUMNO/A:

- Se presenta síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria, chamar ao 061.
- Contactar coa familia.
- O familiar chamará ao centro de saúde ou ao teléfono do SERGAS. Seguir instrucións.
- O coordinador/a do equipo COVID introducirá a información na aplicación informática, que xerará unha alerta na Central de Seguimento de Contactos.
- De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro comunicarao ao equipo “Covid-escola” do centro educativo.

No caso de que haxa un TRABALLADOR/A que presente síntomas no centro:

- Abandonar o posto de traballo protexido cunha máscara.
- Se presenta síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria, chamar ao 061.
- Chamar ao centro de saúde ou ao teléfono do SERGAS e seguir instrucións.

3. No caso específico de que o/a alumno/a teña unha **exención** para o uso da máscara por xustificación médica e non a use, a persoa acompañante poñerá ademais unha pantalla facial e unha bata desbotable.

4.- De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro comunicará ao equipo “Covid-escola” do centro educativo no centro de saúde de Atención Primaria de Monterroso e seguiranse as súas instrucións. A persoa coordinadora do equipo COVID introducirá a información relativa aos contactos estreitos na aplicación informática EduCovid, que xerará unha alerta na Central de Seguimento de Contactos, en adiante CSC.

5. Trala aparición dun caso diagnóstico da COVID 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.

6. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena.

7. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

8. A confirmación dun caso positivo implicará a entrada en illamento de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

9. O equipo COVID do centro educativo informará da situación sanitaria ás familias por medio de Abalar Móbil con indicacións precisas da situación do grupo que lle afectan. Así mesmo, procurará obter a máxima información posible sobre a situación para trasladala ao profesorado co fin de que podan actuar en consecuencia.

10. Diante da suspensión da actividade lectiva presencial aplicaranse as normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

# ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Na páxina web do instituto (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmonterroso/>) estará dispoñible a información sobre o funcionamento do centro para as situacións excepcionais e este Plan de Continxencia.

Cando o centro precise contactar coas familias e titores farao a través da aplicación de AbalarMóbil. Será por este medio polo que se informara ás familias dos casos positivos nas clases e das necesidades de confinamento.

A Xefatura de estudos coordinará as actividades non presenciais facendo controis semanais do alumnado que non está a conectarse o a entregar as tarefas, ocupándose de informar ás familias para poder adoptar as medidas oportunas.

O centro realizará periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro será obrigada.

O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial.

O/a titor/a informará aos pais nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais.

O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

## **A) CONFINAMENTOS PARCIAIS:**

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario a través de vídeo conferencia e da aula virtual. Realizará o seguimento do alumnado en corentena impartindo os coñecementos da materia segundo o horario habitual.

No caso de que o confinamento sexa da clase completa, o seguimento farase seguindo o horario que está dispoñible na páxina web do centro como “Horarios de confinamento”.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso. O prazo de presentación e recollida das

tarefas será sempre dentro do horario da materia, tal e como se viña facendo no réxime presencial.

Para contactar co alumnado e as familias o profesorado utilizará a aplicación Abalar Móbil ou o correo electrónico corporativo.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado con dificultades de conexión ou falta de equipamento para adoptar as medidas oportunas. Establecerase un protocolo de préstamo de equipos informáticos seguindo as instrucións da Consellería de Educación. (ver anexo 2).

**ALUMNADO.-** Pódense dar **dous supostos:**

**1.-Confinamento dun/dunha ou varios/as alumnos/as:**

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario a través de vídeo conferencia e da aula virtual. O profesorado realizará o seguimento do alumnado en corentena impartindo os coñecementos da materia segundo o horario habitual, conectándose por videoconferencia co alumnado confinado no horario de clase. Para iso todas as aulas contan cos dispositivos necesarios (cámaras, micros, equipos informáticos...).

Os materiais serán subidos á aula virtual e o alumnado enviará as tarefas polo medio que establezan entre eles (aula virtual, correo electrónico...).

**2.- Confinamento do grupo completo:**

No caso de que o confinamento sexa da clase completa, o seguimento farase seguindo o horario que está dispoñible na páxina web do centro como “horarios de confinamento”.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso. O prazo de presentación e recollida de tarefas será sempre dentro do horario da materia, tal e como se viña facendo no réxime presencial.

Para contactar co alumnado e as familias o profesorado utilizará a aplicación Abalar Móvil ou o correo electrónico corporativo.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado con dificultades de conexión ou falta de equipamento para adoptar as medidas oportunas.

Establecerase un protocolo de empréstimo de equipos seguindo as instrucións da Consellería de Educación.

**PROFESORADO.- Confinamento dun profesor/a (sen baixa médica, e sen profesorado substituto).**

**Neste caso hai dúas posibilidades:**

**1.-Clases virtuais a través de Webex.**

- Cada profesor creará previamente na aula virtual un enlace directo para que o alumnado poida acceder ás reunións por videoconferencia.
- O profesorado de garda acende o ordenador da aula e un alumno accederá á aula virtual, ao curso correspondente, coa súa clave e conectarase co profesor da materia, proxectando na pantalla.

- O profesor/a de garda orientará a webcam cara o alumnado de xeito que o profesor confinado poida velo dende a súa casa.
- Mentres dure a sesión, o profesor/a de garda permanecerá na aula e manterá a orde.

## **2.-Mandar tarefas sen conectarse.**

Pode ocorrer que o profesor/a confinado/a non se conecte de xeito virtual e unicamente envíe tarefas, vídeos ou outros materiais aos rapaces .

Neste caso o procedemento será o seguinte:

- O profesor/a confinado/a subirá á aula virtual os materiais.
- O profesorado de garda accederá á aula virtual no ordenador da aula co procedemento descrito anteriormente e proxectaraos.

Nos dous supostos anteriores, o profesor deberá informar do traballo da semana con antelación e achegalo ao alumnado a través do delegado/a a través do correo electrónico ou de outro medio que el considere, de xeito que o alumnado saiba previamente como se van desenvolver as sesións.

## **B) CONFINAMENTO DE TODO O CENTRO:**

O mesmo día do peche:

- a) a dirección do centro enviará unha comunicación a través de Abalar Móbil e publicará unha nova na web do centro.
- b) o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais previamente ás sesións lectivas e trasladará orientación ás familias a través da aplicación abalar Móbil ou a través da aula virtual.

No caso de que se produza unha situación de confinamento domiciliario de todo o centro, o profesorado manterá os horarios de clase segundo o anexo “Horarios de confinamento”. Neste horario reflíctese un 60% de clases en conexión virtual. O resto do horario o profesorado permanecerá a disposición do alumnado para dúbidas e consultas. Evitarase sobrecargar de tarefas ao alumnado, respectando os seus períodos de lecer. Nas materias que teñen unha hora semanal, o profesorado concretará co alumnado o horario da redución correspondente.

Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio. Ademais, facilitará semanalmente a información sobre o traballado con cada grupo a Xefatura de Estudos enviando a información no Excel facilitado. No caso de que algún alumno/a mostre total desconexión do traballo en rede, o equipo directivo contactará coa familia.

## **Procedemento de conexión ás actividades lectivas e control de asistencia.**

O alumnado deberá conectarse con puntualidade ás vídeo conferencias no horario establecido para cada unha das materias.

No caso de non conectarse, o/a profesor/a reflectirá as correspondentes faltas de asistencia no XADE. De detectarse faltas non xustificadas aplicarase o establecido para a apertura do protocolo de absentismo.

Nas vídeo conferencias o alumnado terá a cámara conectada en todo momento, co fin de que o profesorado poida comprobar que está presente, mantendo silenciado o seu micrófono mentres non precise intervir. Amosará un comportamento axeitado como se estivese nunha clase presencial; de non ser así, o profesorado poderá poñer faltas de comportamento que terán consecuencias seguindo o NOF e o criterio da Xefatura de Estudos.

#### **PROFESORADO DE APOIO**

Será o encargado de facer o seguimento do alumnado con necesidades educativas específicas, tomando decisións conxuntas co profesorado das distintas materias e a orientadora sobre as medidas a adoptar.

#### **TITORÍA DE ALUMNADO**

Na distribución horaria semanal que se estableza figura a sesión de titoría co grupo no que o titor/a conectarase telemáticamente co fin de desenvolver as funcións que lle son propias e facer as actividades que considere necesarias.

A orientadora estará a disposición do alumnado que desexe contactar con ela tanto vía telefónica como por vídeo conferencia, solicitando cita previamente.

Manterase a sesión de titoría que o profesorado ten reservada no seu horario para atención ás familias.

## **4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

No caso de confinamento farase unha limpeza en profundidade de todas as instalacións do centro para que, unha vez se recupere a actividade presencial, as encontremos en condicións óptimas de protección, hixiene e limpeza.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.



